

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	IES San Clemente	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia do mundo contemporáneo	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime de adultos

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	33
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	36

1. Introducción

A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, con estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves, coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos.

Os problemas e retos que nos formula a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples e ineludibles, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea, que desde hai algo máis de dous séculos trata de lle dar resposta a boa parte destes mesmos desafíos. A materia proporciona ao alumnado experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que xunto aos grandes logros, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso afrontar para aprender a evitar situacións semellantes.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga ao alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

O alumnado debe adquirir o exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado, do mesmo xeito que a transferencia de información e do coñecemento elaborado, que ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces.

Trátanse na materia de Historia do Mundo Contemporáneo os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI.

Precisamente os retos do mundo actual incide na necesidade de ver a historia como un instrumento non só para a análise do presente, senón tamén para a adopción de compromisos ante os retos do século XXI.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais.	2		2		11	1-2-3	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal.	1-5				11-31-40	1-2-3		
OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.	3		1	5	12-31-40	2-3		
OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.	3-5				12-31	2-3		1-2
OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	3		5	1	20-40	3-4	1	
OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sostibilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos.			4-5		20-50	3-4	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	3-5			3	12-31-40	2-3		
OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia.	5		3	2	12-31-40	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Liberdade e Democracia. De súbditos a cidadáns	O concepto de Liberdade constitúe un dos elementos fundamentais para a análise e comprensión da historia do mundo contemporáneo. A aproximación aos múltiples significados que foi adquirindo desde o século XVIII ata a actualidade resulta esencial para comprender os principais movementos ideolóxicos, políticos e sociais que se desenvolveron e os procesos de transformación aos que deu lugar. Por iso, comezaremos o curso no século XVIII, un período de transición, que nos permitirá analizar a evolución das ideas de soberanía e liberdade dende o Antigo Réxime ata as democracias actuais.	8	11	X		
2	Revolución e Restauración	Neste bloque veremos como os cambios introducidos pola Ilustración combinados con outros factores acabarán por	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Revolución e Restauración	desembocar nas coñecidas como Revolucións Liberais Burguesas. As vellas estruturas do Antigo Réxime, caracterizadas pola monarquía absoluta, o sometemento da poboación á nobreza e ao clero, e a desigualdade xurídica, son derrubadas e substituídas por unhas novas: soberanía da nación, liberdades individuais, igualdade ante a lei, separación de poderes, representación política... Dúas ideoloxías, o liberalismo e o nacionalismo, foron as sustentadoras destes cambios. A partir de 1814, a derrota de Napoleón permitiu aos monarcas absolutos restaurar nos seus reinos o Antigo Réxime. Porén, a crecente expansión dos ideais liberais traducíuse na sucesión das vagas revolucionarias de 1820, 1830 e 1848. Con elas desaparece o absolutismo e os privilexios feudais na meirande parte de Europa.	8	12	X		
3	Progreso e ciclos económicos	O constante crecemento da poboación e da demanda estimulou a base do que hoxe coñecemos como revolución agraria e revolución industrial. De todas estas innovacións destaca, pola súa transcendencia o proceso industrializador que sentará as bases da sociedade actual. Dentro deste proceso pódense distinguir fases diferentes. As fondas transformacións económicas que se produciron trouxeron consigo a imposición dun novo marco económico dominante: o capitalismo.	9	12	X		
4	Nación e Imperio	Á altura de 1870-1 consolidáranse en Europa uns Estados xurdidos grazas ao impulso conseguido polo liberalismo e nacionalismo nas décadas anteriores. Grandes potencias como Gran Bretaña, Francia e Alemaña. No centro e leste de Europa, mantíñanse grandes imperios de tipo absolutista. EE.UU. e Xapón tamén xurdiron como potencias emerxentes. Tamén no último terzo do século XIX Europa iniciará a conquista de boa parte do mundo, aproveitando a súa superioridade técnica, militar e financeira.	8	11	X		
5	Ideoloxías e Utopías	Os séculos XIX e XX constituíron, sen dúbida, a era das ideoloxías. Coñecer o papel que estas representaron na interpretación da realidade, na xestación de novos modelos de sociedade e na articulación de proxectos políticos transformadores constitúe un centro de atención fundamental para a comprensión	9	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Ideoloxías e Utopías	dos principais procesos políticos e sociais ocorridos desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade.	9	12		X	
6	Violencia e xenocidio 1 - A 1ª Guerra Mundial e a Revolución Rusa	A Gran Guerra presenta unhas características ben diferenciadas de todas as guerras europeas anteriores e marca o tránsito a unha nova época en Europa: o control que exerce sobre o mundo a través do seu dominio imperialista deixará paso a novas potencias extraeuropeas. En paralelo á 1ª Guerra Mundial, triunfa a Revolución Soviética (1917), un dos acontecementos contemporáneos de maior transcendencia polas súas fondas repercusións.	9	12		X	
7	Prosperidade, crise e depresión. O período de entreguerras	Os anos comprendidos entre o final da 1ª Guerra Mundial (1919) e o inicio da 2ª (1939) caracterizáronse por fondas alteracións políticas, sociais e económicas que afectaron a todo o mundo, pero dun modo especial aos países desenvolvidos capitalistas. Os chamados ¿Felices anos 20¿ caracterizáronse pola expansión económica. Porén, en outubro de 1929 o afundimento da Bolsa da Nova York (¿o crack de Wall Street¿) provocou a maior crise sufrida polo sistema capitalista	8	11		X	
8	Violencia e xenocidio 2 - A 2ª Guerra Mundial e o Holocausto	Logo da 1ª Guerra Mundial a democracia estendeuse por case toda Europa. Porén, os problemas económicos, políticos e sociais da posguerra deron lugar a unha crise dos sistemas democráticos. O ascenso de Hitler ao poder en 1933 sinalou o comezo dunha nova etapa nas relacións internacionais definido polo crecente papel agresivo dos réximes totalitarios fascistas. O horror do xenocidio xudeu e os efectos da bomba atómica, quedando dividido, ademais, en dous bloques antagónicos, marcaron a nova orde mundial.	8	12		X	
9	Un mundo bipolar. A Guerra Fría	A fin da 2ª Guerra Mundial foi seguida dun rápido distanciamento dos vencedores do fascismo. As diferenzas entre o sistema político e económico das democracias liberais e da URSS provocaron desacordos acerca do novo ordenamento do mundo. O seu enfrontamento deu lugar a dous bloques antagónicos, o capitalista e o comunista. As relacións foron tan tensas que xurdiron múltiples focos de tensión.	8	11			X
10	Ciclos demográficos e modos de vida. A sociedade capitalista	A análise da estrutura poboacional dunha sociedade histórica determinada, nos permite analizar e explicar os cambios que se producen nesa estrutura a través do tempo. No bloque occidental capitalista,	8	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Ciclos demográficos e modos de vida. A sociedade capitalista	tanto en Europa como en Xapón, os réximes fascistas e militaristas son abolidos e as estruturas políticas democráticas, baseadas na participación cidadá, a defensa das liberdades individuais e a mudanza pacífica dos gobernos, constitúen a base do sistema.	8	12			X
11	Descolonización e crise do bloque comunista	Entre 1947 e 1975, a descolonización de Asia e África transformou o mapa mundial co xurdimento de case un cento de Estados. Os líderes do Terceiro Mundo esixiron un lugar na escena internacional. Mais os novos países tiveron que lles facer fronte á dependencia económica (neocolonialismo), á pobreza e á inestabilidade política. Os intentos de reforma no bloque comunista do Leste mostraron as contradicións do sistema e deron pé á rápida disolución da URSS. As Democracias Populares realizaron, entón, procesos de transición moi rápidos e, polo xeral, pacíficos.	9	12			X
12	Un mundo globalizado. Os retos do mundo actual	A partir do ano 2000, o mundo inaugurou unha nova etapa marcada pola fin da Guerra Fría e o inicio dunha situación multipolar, liderada polos EE. UU., pero co xurdimento de novos centros de poder como China ou Rusia. Aínda que, a nivel económico, se incrementou a riqueza global e os avances tecnolóxicos foron espectaculares, a extensión do capitalismo neoliberal nun mundo globalizado e intercomunicado abriu un novo escenario na economía mundial. O mundo asiste, ademais, a novos retos: inseguridade política, emerxencia climática, o rexurdimento dos populismos, a fenda de xénero..., aos que a comunidade internacional intenta facer fronte con iniciativas como a axenda 2030.	8	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Liberdade e Democracia. De súbditos a cidadáns	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	É capaz de definir e interpretar por medio de producións históricas propias, documentos históricos alleos como se produciu o avance desde o liberalismo cara á democracia. Revolucións do XIX.		
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de traballar con documentos históricos empregando conceptos e distintos métodos sobre a evolución das organizacións obreiras e do feminismo, as propostas revolucionarias e a súa consolidación.		
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de entender e valorar os principais proxectos sociais, políticos e culturais como novos movementos sociais implicados na defensa dos dereitos sociais.		
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre as condicións de vida e traballo da muller, a conquista do dereito a voto.	PE	100
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Identifica o exercicio dos valores cívicos e a participación cidadá. Analiza o nacemento dos réximes democráticos e totalitarios no século XX, a través de diferentes documentos históricos.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Distingue os principais sistemas políticos democráticos e autoritarios no século XX e XXI, analiza as súas consecuencias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Discusión mediante diversas fontes actuais a que nos enfrontamos neste xa entrado século XXI e a que retos se enfronta o planeta e a sociedade como protagonistas indiscutibles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado. - A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios. - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas. - Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica. - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea. - Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal. - O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural. - Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos.

UD	Título da UD	Duración
2	Revolución e Restauración	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	É capaz de entender por que a Revolución francesa considerase o inicio da era contemporánea. Distingue e entende os inicios do parlamentarismo.		
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente demostrando que sabe identificar o proceso de cambio e revolución representado pola revolución francesa.		
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de comprender e explicar as diferentes etapas da Revolución francesa, cos seus correspondentes protagonistas.		
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre as condicións de vida e traballo da muller, a conquista do dereito a voto.	PE	100
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Identifica o exercicio dos valores cívicos e a participación cidadá. Analiza o nacemento dos réximes democráticos e totalitarios no século XX, a través de diferentes documentos históricos.		
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Contesta a unha proba escrita cun nivel adecuado e satisfactorio sobre as causas e consecuencias dos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta mediante unha análise crítica de textos históricos e fontes diversas e actuais a irrupción da sociedade de masas.		
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Distingue e compara por medio de fontes diversas históricas e actuais sobre cales son as superpotencias actuais e como exercen o seu poder, configurando a nova orde internacional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios. - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas. - Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica. - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea. - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. - Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.

UD	Título da UD	Duración
3	Progreso e ciclos económicos	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre as condicións de vida e traballo da muller, a conquista do dereito a voto.	PE	100
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	É capaz de analizar e entender as condicións de vida na nova sociedade industrial, a súa conflitividade en relación co obrerismo. Realiza proxectos sobre a historia do movemento obreiro.		
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Analiza diferentes ritmos e modelos de crecemento, e ritmos e modelos de crise, sobre a gran depresión e a solución transitoria do New Deal.		
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os ciclos económicos e a súa relación social, política e ambiental. Sabe diferenciar entre o liberalismo económico e o capitalismo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica. - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.

Contidos
- Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

UD	Título da UD	Duración
4	Nación e Imperio	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre as condicións de vida e traballo da muller, a conquista do dereito a voto.	PE	100
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	É capaz de valorar por medio dunha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente as causa e consecuencias da segunda guerra mundial.		
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o colonialismo do século XIX na actualidade. É capaz de debater sobre África onte e hoxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización. - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

Contidos

- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.
- Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea.
- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.
- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
5	Ideoloxías e Utopías	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	É capaz de definir e interpretar por medio de producións históricas propias, documentos históricos alleos como se produciu o avance desde o liberalismo cara á democracia. Revolucións do XIX.		
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre o ciclo revolucionario do XIX, sobre as unificacións italiana e alemá e avalía os vellos imperios ruso, austro-húngaro e otomano.		
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de traballar con documentos históricos empregando conceptos e distintos métodos sobre a evolución das organizacións obreiras e do feminismo, as propostas revolucionarias e a súa consolidación.	PE	100
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	É capaz de entender por que a Revolución francesa considerase o inicio da era contemporánea. Distingue e entende os inicios do parlamentarismo.		
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre as condicións de vida e traballo da muller, a conquista do dereito a voto.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	É capaz de responder do modo satisfactorio e suficiente as causas da descolonización en Ásia, África.	PE	100
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	É capaz de analizar e entender as condicións de vida na nova sociedade industrial, a súa conflitividade en relación co obrerismo. Realiza proxectos sobre a historia do movemento obreiro.		
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	É capaz de responder satisfactoriamente á unha proba escrita sobre a situación do mundo despois da primeira guerra mundial: a crise do 29.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	A través dunha proba escrita avaliar e clasificar a segunda revolución industrial, as causas do imperialismo e os imperios territoriais.		
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os ciclos económicos e a súa relación social, política e ambiental. Sabe diferenciar entre o liberalismo económico e o capitalismo.		
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Discusión mediante diversas fontes actuais a que nos enfrontamos neste xa entrado século XXI e a que retos se enfronta o planeta e a sociedade como protagonistas indiscutibles.		
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Define os novos movementos sociais, o novo contexto socioeconómico, as ideoloxías alternativas buscando información valéndose das TIC.		
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Crítica e discusión por medio de textos históricos, fontes literarias, audiovisuais como exercen as superpotencias a súa influencia nestes últimos anos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Contidos

- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.
- Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.
- Movements sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.
- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.
- Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.
- O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral.
- Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado.
- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.
- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.
- O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural.
- A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións.
- Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva.
- A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro.
- Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos.
- Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.
- Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.
- Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas. No caso da presente programación, tense en conta o feito de estarmos nunha oferta educativa a distancia, o que implica facer algún tipo de adaptación.

As cuestións de actualidade preséntanse tendo en conta os seus antecedentes históricos para poder analízalas desde unha perspectiva crítica cotexando información de diferente procedencia. Así, o conxunto de procedementos proposto constitúe un eficaz dispositivo práctico para a análise histórica e o desenvolvemento dun pensamento crítico.

Achégase un coñecemento conceptual e terminolóxico propio da ciencia histórica e sitúanse espacial e temporalmente os diferentes fenómenos e realidades do mundo contemporáneo.

Dende o punto de vista didáctico, tense en conta o coñecemento histórico adquirido ao longo da etapa de ESO e preséntase unha secuencia de actividades e procedementos de dificultade gradual.

As estratexias didácticas

Ao tratarse dunha materia impartida en Bacharelato a distancia, a metodoloxía ten que facilitar e promover o traballo autónomo do alumnado. Por iso, deben combinarse diferentes estratexias na aula virtual, non só as expositivas (temas), senón aquelas nas que os alumnos e as alumnas traballen con fontes de diverso formato (textos, gráficos, mapas, fotos ou audiovisuais) e que introduzan o alumnado na técnica básica da investigación histórica.

Así se contribuirá a que o alumnado desenvolva unha actitude crítica e responsábel. Tamén serán eficaces os debates a través do foro e as tarefas que fomenten a asunción de responsabilidades individuais no seu proceso de elaboración.

Para comprender e asimilar o estudado e traballado na aula virtual, propoñeranse actividades baseadas nos conceptos e o vocabulario que se traballasen e que deberán servir para procesar e interiorizar o coñecemento adquirido.

Os eixos cronolóxicos ou liñas do tempo son unha ferramenta fundamental para facilitar a comprensión da sucesión, simultaneidade e ritmos dos fenómenos históricos e a complexidade das explicacións multicausais.

Sempre que sexa posible, os contidos da materia poñeranse en relación coa actualidade para evidenciar a relación entre ambas as dúas, fundamental para comprender os feitos que acontecen no mundo en que vivimos.

As actividades didácticas

As actividades constitúen un dos eixos fundamentais do proceso de aprendizaxe xa que na súa realización o alumnado adquire un papel activo. A programación de actividades realízase seguindo estes criterios:

- Que faciliten o desenvolvemento de capacidades relacionadas co espazo e o tempo, a análise de fontes, o tratamento da información e a formulación de problemas.
- Que proporcionen aprendizaxes referidas a conceptos, procedementos e actitudes.
- Que representen variedade en tipoloxía, procedencia e natureza das fontes históricas referidas, así como o grao de dificultade.
- Que manteñan reflexións sobre os antecedentes históricos de situacións actuais, facilitando a interpretación desde unha perspectiva histórica do presente.

Principais tipos de actividades:

- Actividades referidas á comprensión de contidos conceptuais e ao establecemento de relacións entre estes.
- Actividades de síntese de información.
- Actividades de reflexión sobre causas e consecuencias dos fenómenos históricos.
- Actividades de análise e interpretación de fontes históricas de diferentes natureza: textos, gráficos, obras de arte, mapas históricos, debuxos satíricos, esbozo de batallas, carteis propagandísticos, obras cinematográficas, obxectos...
- Actividades de buscar e contraste de información.
- Actividades de produción de información histórica que poidan incluír a realización de eixos cronolóxicos, mapas conceptuais, mapas históricos...
- As actividades do bacharelato a distancia deben favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo e para aplicar os métodos de investigación apropiados.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula Virtual

Novamente, as peculiaridades do IES San Clemente condicionarán este apartado. Tendo en conta as características da ensinanza a distancia en canto ao contacto co profesor/a-alumnos/as, debemos empregar unha metodoloxía apropiada a este tipo de ensino que facilite a comunicación a través da aula virtual.

O profesor empregará as clases gravadas (preferentemente na Cabina preparada co programa OBS Estudio e cun croma) para explicar aqueles aspectos máis complexos, así como a explicación dos exercicios prácticos e para aclarar as dúbidas do alumnado. O alumnado pode consultar as dúbidas que lle vaian xurdindo por distintas vías: telefonicamente, mediante correo electrónico, mediante correo ordinario, teléfono, videoconferencia e, excepcionalmente, de xeito presencial. É importante tamén que o alumnado consulte periodicamente durante o curso

a páxina web do centro, xa que é o medio que o profesor ten para transmitir calquera información adicional ou modificación dos contidos da materia.

A materia está integrada por dous aspectos inseparables á hora de estudar. Un aspecto teórico, no que o alumnado terá que estudar e traballar a través das unidades didácticas das guías da Aula Virtual, e un aspecto práctico, que non pode descoidar, aspecto este que comprende a elaboración, e sobre todo, interpretación de documentos historiográficos (textos, mapas, gráficas, cadros, fotografías, caricaturas, vídeos...)

A Guía da que disporá o alumnado, ademais de levar unha parte dedicada a metodoloxía, exercicios de autoavaliación, exercicios para enviar a titoría, preguntas mais frecuentes (FAQs) e leva incorporado un Documento coa exposición de contidos correspondentes a cada una das unidades didácticas. Devandita guía do alumnado constituirá a base esencial para o estudo e o proceso de aprendizaxe.

Alén da Guía, o alumnado, para obter mais información sobre esta materia, poderá utilizar os contidos de diversa índole que o profesor/a lle proporcionará ao longo do curso académico na Aula Virtual do I.E.S. San Clemente, ou os que lle enviará por correo electrónico e ter en conta que dita información, ao igual que os contidos da guía, formará parte dos contidos esixidos nas distintas avaliacións. Tamén resultan de gran utilidade distintas páxinas web, blogs e vídeos que o profesor facilitará para a consulta de temas concretos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Tendo en conta que a matrícula do alumnado está aberta practicamente todo o Curso e que estamos a falar dun bacharelato a distancia con circunstancias particulares, idades e incluso patoloxías diferentes, resulta moi complexa a realización dunha avaliación inicial. A maioría do alumnado non ten a dispoñibilidade horaria para a mesma e o seu número faina difícil. Porén, con aquel alumnado que participe na aula virtual poderá valorarse o seu punto de partida grazas ás actividades e a súa evolución ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	9	8	9	9	8	8	8	8
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	100
Proba escrita	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación, aparecen expresados en cada unha das unidades didácticas da Programación de Curso. Con carácter xeral teremos en conta, ademais, os seguintes:

- O alumnado de Historia do Mundo Contemporáneo debe ter un dominio do vocabulario específico desta materia.
- Un suficiente dominio da linguaxe escrita.
- Saber ler, interpretar, analizar e comentar documentos históricos e historiográficos (textos, mapas, gráficos, organigramas, estatísticas, fotografías, carteis de época, ilustracións humorísticas, xornais e documentos gráficos en xeral).
- Saber definir conceptos.

- Saber realizar correctamente a exposición escrita dun tema histórico correspondente á materia de Historia do Mundo Contemporáneo.
- Utilizar para obter información desta materia non só os Documentos que aparecen na guía da materia de Historia do Mundo Contemporáneo, senón tamén a proporcionada polo/a profesor/a na Aula Virtual do centro ou por correo electrónico.

Cráterios de cualificación

No que se refire aos cráterios de cualificación da materia devandita, a avaliación farase tendo en conta os resultados obtidos nos exames propios de cada trimestre (ou nos Finais, se fose preciso), e fixados a tal efecto pola Xefatura de Estudos.

Realizarase unha proba escrita por avaliación e, se fora necesario, un exame Final Ordinario e outro Extraordinario entre maio e xuño. No exame final Ordinario, o alumnado examínarase das avaliacións non superadas (suspensas ou non presentadas). No Extraordinario, a proba avaliará os contidos de todo o Curso.

Será posible superar o curso por avaliacións, cunha única avaliación suspensa, sempre que a nota desta sexa un 4 e a suma das cualificacións obtidas nas tres avaliacións do curso sexa 15 ou superior.

O alumnado que non acade un mínimo de 15 ao sumar as tres avaliacións, ou non se presentara nalguna delas, terá que recuperar as avaliacións suspensas, ou non presentadas, no exame Final Ordinario. Para superar a materia terá que obter un mínimo de 15 sumando as notas das avaliacións ordinarias aprobadas coas das avaliacións recuperadas no exame final. Tamén neste caso, se nunha das avaliacións, e soamente nunha delas, se sacara un 4, este poderá ser compensado coas notas das outras dúas avaliacións sempre e cando a suma das tres avaliacións siga sendo como mínimo de 15.

O alumnado que teña toda a materia suspensa, ou non se presentara, terá que facer un exame Final Extraordinario de toda a materia. Para aprobar será necesario superar este exame cunha nota igual ou superior a un 5.

Exames:

O modelo de exame será similar (mesmo tipo de preguntas) para tódalas probas. Subírase un modelo á Aula Virtual como referencia.

Ademais dos contidos que aparecen na guía electrónica da Aula Virtual, tamén serán obxecto de avaliación aqueles elaborados polo docente e publicados na mesma Aula, na páxina principal ou na lapela de Documentos. Estas ampliacións e as guías actuarán de xeito complementario.

As probas constarán de:

1 - Unha parte práctica: Comentario dun documento, que poderá ser un texto histórico ou historiográfico, un mapa histórico, un gráfico, un organigrama, un índice estatístico, un documento gráfico... (ata 6 ptos.)

2 - Unha parte teórica: Definicións ou explicacións breves, cuestións mais ou menos amplas de teoría, exposición dun ou varios temas históricos. (ata 4 ptos.)

De non facer o Comentario, non se avaliará en positivo a proba.

Terase en conta tamén as calidades formais da composición: claridade expositiva, capacidade crítica, rigor conceptual.

A composición deberá facerse seguindo as pautas ou recomendacións para facer comentarios que figuran na guía electrónica da materia e que se explicarán nas clases.

A valoración da composición terá en conta a contextualización (relacionar os acontecementos históricos aos que se refiran os documentos co seu contexto histórico social, político e económico segundo corresponda), contidos (explicar e identificar o problema histórico que mostren os documentos), conceptos (identificar ideoloxías, protagonistas, elementos de cambio ou de continuidade), cronoloxía (evolución histórica do problema precisando o marco cronolóxico e identificando antecedentes, causas ou consecuencias), referencias aos documentos (relacionar correctamente os documentos entre eles), estrutura da composición (global e enlazada), expresión (capacidade para realizar unha redacción clara, coherente e con rigor conceptual).

Se se detecta que a alumna ou alumno ten realizado algunha das probas obxectivas con “métodos ilícitos” de calquera natureza, xa sexa electrónica, escrita, gráfica..., a persoa docente impondrá como sanción unha nota de cero no devandito exame. Ademais, porase en comunicación o feito á Xefatura de Estudos para que proceda a sanción correspondente segundo o réxime disciplinario interno en vigor.

En relación á asistencia en data e hora ao exame, non se considerará a diferenza entre faltas xustificadas e inxustificadas (salvo indicación expresa da Xefatura de Estudos), xa que todas se considerarán por igual como faltas de asistencia e polo tanto constarán como non presentado.

Exercicios de envío á persoa titora: Ao tratarse dunha modalidade de educación a distancia, tanto as tarefas autoavaliáveis coma os exercicios de envío á persoa titora non se consideran obrigatorios. Tampouco serán avaliáveis ao non poder corroborarse a autoría dos mesmos. Polo tanto, os exercicios de envío á persoa titora non se terán en conta na nota final da alumna ou alumno.

Cráterios de recuperación:

O alumnado que non acade un mínimo de 15 ó sumar as tres avaliacións, ou non se presentara nalgunha delas; terá que recuperar as avaliacións suspensas, ou non presentadas, no exame final. Para superar a materia terá que obter un mínimo de 15 sumando as notas das avaliacións ordinarias aprobadas coas das avaliacións recuperadas no exame final. Tamén neste caso, se nunha das avaliacións, e soamente nunha delas, se sacara un 4, este poderá ser compensado cas notas das outras dúas avaliacións sempre e cando a suma das tres avaliacións siga sendo como mínimo de 15.

O alumnado que teña toda a materia suspensa, ou non se presentara, terá que facer un exame final de toda a materia. Para aprobar será necesario superar este exame cunha nota alomenos dun 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Tendo en conta as peculiaridades do IES San Clemente como Centro de Ensino a Distancia, en termos xerais, non resulta de aplicación nesta materia.

En todo caso, a posibilidade de acceder á guía da materia de Historia do Mundo Contemporáneo, permitirá ao alumnado afondar no conxunto de actividades de reforzo (exercicios de apoio, exercicios de autoavaliación, exercicios autoavaliacións interactivos, resumos...) que o/a profesor/a da materia podería completar con outras actividades de reforzo para cada avaliación, especialmente deseñadas para o alumnado que o precise.

6. Medidas de atención á diversidade

Sendo o Bacharelato un nivel educativo non obrigatorio e dada a idade a que se accede a el neste centro, podería parecer que a atención a diversidade non é tan determinante como o era na ESO.

Porén, é importante ter en conta que as-os estudantes poden acceder cun grao de desenvolvemento intelectual diferente ou cunha discapacidade que pode afectar ao proceso de ensino-aprendizaxe.

A atención a este tipo de diversidade abórdase desde as diversas posibilidades de programación das actividades de aprendizaxe que, por un lado, se organizan en relación a súa dificultade, establecéndose ao principio cuestións sinxelas, concretas e descritivas, para pasar a outras máis complexas, abstractas e explicativas; e, por outro lado, combínanse diferentes formas de aprendizaxe, presentando materiais, actividades e instrumentos de traballo variados co fin de conseguir o mesmo obxectivo didáctico.

Neste ámbito a colaboración co equipo de Orientación faise imprescindible. Será a partir dos informes que ao longo do Curso poda ir aportando a Orientadora, cando iremos adoptando as probas de avaliación e finais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para os dereitos humanos e a paz		X		X	X	X		X
ET.2 - Educación moral e cívica	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade entre os sexos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental			X					
ET.5 - Educación europea				X				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación para os dereitos humanos e a paz	X		X	
ET.2 - Educación moral e cívica	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade entre os sexos	X	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental		X		X
ET.5 - Educación europea	X			X

Observacións:

Coa finalidade de consolidar no alumnado a madurez social e moral que lles permita actuar responsable e autonomamente na sociedade actual o que supón a incorporación o currículo da Historia do Mundo Contemporáneo dos valores básicos que demanda a sociedade actual, tales coma a educación para os dereitos humanos e a paz, educación moral e cívica, educación para a igualdade entre os sexos, educación ambiental, educación multicultural e educación europea.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lecturas	En coordinación co plan lector proporase unha serie de lecturas en cada unidade didáctica que poderán ser tratadas despois a xeito de clube de lectura.	X		
Visionados, cineclubes	Intentarase na medida do posible a proxección de material audiovisual, seguido dun debate a través do foro		X	
Foro de actualidade	Comunicarase ao alumnado, a través da páxina da aula virtual, os acontecementos culturais máis destacados da nosa Comunidade así como calquera evento relacionado coa nosa materia, que puidera ser de interese de cara a integralo na dinámica lectiva.			X

Observacións:

O Bacharelato que se imparte no IES San Clemente non é de carácter presencial, polo que as actividades complementarias, como saídas culturais, visitas relacionadas coa materia, etc. están moi condicionadas tanto por esta modalidade de ensino como polo escaso tempo material para desenvolver o currículo que se pide na materia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula virtual.
Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
Planifica a materia de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
Metodoloxía empregada
Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates e diálogos a través do foro)
Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado (tendo en conta que é a distancia).
Estimula a participación activa dos estudantes na aula (foro, chat, titorías...)
Promove a reflexión dos temas tratados.
Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas
Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías a través das diferentes canles dispoñíbeis: titorías multimedia, presenciais, vía telefónica.
Utiliza recursos web ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula virtual.
Plantexa actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
Corrix e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e da pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non son alcanzados suficientemente.
Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordínase co profesorado doutros departamentos .
Mantén unha comunicación fluída cos estudantes a través das canles dispoñíbeis.

Descrición:

O profesor/a cando avalíe o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe fará unha reflexión sobre os seguintes puntos:

- Planificación (1 -9)
- Motivación do alumnado (dentro das dificultades do ensino a distancia) (10 -17)
- Desenvolvemento do ensino-aprendizaxe (18 - 24)
- Seguimento e avaliación do proceso de ensino e práctica docente (25 - 31)

Para esta reflexión e avaliación empregaranse os indicadores que constan nos seguintes rexistros, tendo en conta que estamos ante unha oferta educativa a distancia:

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Polo que se refire ao seguimento e avaliación da programación didáctica, en reunións de carácter quincenal, realizarase un seguimento por parte de todos os membros do departamento. Ao finalizar o curso, nunha reunión do departamento, farase unha análise dos resultados e discutiránse os posíbeis trocos na programación cara o curso seguinte despois dunha posta en común das reflexións de cada membro segundo os puntos do cadro seguinte:

- Temporalización das unidades didácticas
- Desenvolvemento dos obxectivos didácticos
- Manexo dos contidos da unidade
- Realización de tarefas
- Estratexias metodolóxicas seleccionadas
- Recursos
- Claridade nos criterios de avaliación
- Uso de diversas ferramentas de avaliación
- Outros aspectos

9. Outros apartados

1. Actividades de contribución aos plans e proxectos de Centro - Contribución ao Proxecto lingüístico

Coa finalidade de potenciar o coñecemento e o uso da lingua galega, dende este departamento procurarase: -Usar o galego como vía de comunicación habitual dentro da comunidade educativa. -Realizar as comunicacións escritas co alumnado e demais persoal do centro en lingua galega. - Fomentar o uso da lingua nas conversas informais. -Todos os contidos da aula virtual destinados o alumnado (guía da materia, documentos descargables, foro, ligazóns, correo electrónico, etc.) presentaranse sempre en galego. Os exames realizaranse en galego e/ou castelán Como, cando e que avaliar: Valorar a actitude de respecto cara a lingua e o uso da mesma entre o alumnado e nas comunicacións co profesorado.

2. Actividades de contribución aos plans e proxectos de Centro - Contribución ao Proxecto lector

Sendo conscientes das peculiaridades que supón o ensino a distancia e o propio nivel de Bacharelato ao que nos diriximos, cremos que non podemos renunciar ao fomento da lectura do noso alumnado. Dadas as particulares motivacións dese alumnado e as dificultades de acceso as obras propostas, intentaremos centrarnos en obras breves ou directamente en fragmentos escollidos das mesmas.

3. Actividades de contribución aos plans e proxectos de Centro - Contribución ao Proxecto das TIC

Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía. En esta liña de actuación dende este departamento procurárase: - Estimular ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...) - Fomentar a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. - Propoñer vídeos de contidos relacionados coa materia como elemento facilitador da aprendizaxe. - Avaliación. Valorar a mellora e aumento no uso dos recursos do portal educativo con respecto a cursos anteriores.

4. Actividades de contribución aos plans e proxectos de Centro - Contribución ao Plan de Convivencia

- Colaborar co Observatorio da Convivencia e na elaboración do Plan de Convivencia. - Colaborar no posible, co Obradoiro de Igualdade -Manter e fomentar o espírito de compañeirismo, colaboración e respecto nas relacións coas demais persoas e promover esta dinámica entre o alumnado. -Fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais como a escoita activa, a empatía o respecto pola quenda de palabra e a valoración das opinións distintas a propia. Avaliación. Valorar as actitudes respectuosas e tolerantes do alumnado entre si e co profesorado.